

A C T A

Da sesión **extraordinaria urxente**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

20 de xuño de 2025

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as trece horas do día vinte de xuño de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D^a. María Sandra Bastos Míguez (PP), D^a. Belén Cachafeiro Anta (PP), D^a. María Nava Castro Domínguez (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D. Ricardo Martínez Chantada (PP), D^a. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D^a. Luisa María Sánchez Méndez (PP), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión extraordinaria urxente, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asisten as deputadas/os do Grupo Socialista e do Bloque Nacionalista Galego seguintes: D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Paco Ferreira González (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D^a. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D^a. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D^a. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D^a. María Ortega Iñarrea (BNG), D^a. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D^a. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), nin D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE).

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

As intervencións desta sesión quedarán recollidas no Diario de sesións (Vídeo actas), de acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento Orgánico desta Deputación.



Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.8428.- **PRONUNCIAMENTO SOBRE A URXENCIA DO PLENO**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/55owa52VexT9GzroEIImeXclZleB0wzGe0THnlCl3F5rQpfLI>

Sr. Presidente.- Moi bos días a todos e a todas. Imos dar comezo a esta sesión extraordinaria urxente do Pleno desta Deputación Provincial, previsto para a unha da tarde, onde o primeiro punto da orde do día e o pronunciamento sobre a urxencia desta convocatoria. Ten a palabra o deputado do Grupo Provincial do Partido Popular, a efectos de xustificar a urxencia, don Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Xustificamos a urxencia na necesidade de que a Deputación se posicione na defensa do Estado democrático e de dereito en repulsa á corrupción que afecta á contorna persoal e política do Presidente do Goberno, sendo unha das preocupacións máis importantes entre a opinión pública, a defensa do Estado de dereito e a democracia que se nos está transmitindo por parte da cidadanía.

Sr. Presidente.- ¿Votos a favor da urxencia?. Queda aprobada pola maioría de 14 votos.

2.8429.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) EN DEFENSA DO ESTADO DEMOCRÁTICO E DE DEREITO E EN REPULSA DA CORRUPCIÓN QUE AFECTA Á CONTORNA PERSOAL E POLÍTICA DE PEDRO SÁNCHEZ, PRESIDENTE DO GOBERNO DE ESPAÑA**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/KD89clC7FBTrwdrvLWEIwupwNg0D6ZBt93bSK0ClrnkkKw6U3>



O Pleno acorda por unanimidade aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) en defensa do estado democrático e de dereito e en repulsa da corrupción que afecta á contorna persoal e política de Pedro Sánchez, Presidente do Goberno de España.

Dita Moción é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vivimos unha das etapas máis escuras en termos de deterioro institucional e de casos de corrupción. As investigacións xudiciais acurralan, por primeira vez en democracia, á contorna persoal e política máis próxima do Presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez.

A súa muller; o seu irmán; os dous últimos responsables da Secretaría de Organización do PSOE, e polo tanto, o número dous do seu partido; a persoa que nomeou como Fiscal Xeral do Estado; ou a ex presidenta de ADIF –que anteriormente desempeñou a xefatura de Infraestruturas da Deputación co anterior goberno bipartito- están inmersos en diferentes dilixencias xudiciais relacionadas con presuntos delitos de corrupción.

Ademais do dano reputacional gravísimo que repercute na máis alta institución executiva do Estado, afonda unha situación de crise de confianza nas institucións e na neutralidade institucional sen precedentes na nosa Democracia, que debe ser abordada e erradicada de xeito urxente.

Con todo, lonxe de colaborar coa Xustiza e co esclarecemento dos feitos obxecto de investigación, desde moi diversos ámbitos do Goberno de España, os seus membros e autoridades profiren descualificacións constantes á actividade dos xuíces e tribunais, nun comportamento impropio dun Estado de dereito, democrático e avanzado.

A isto hai que engadir a actitude indulxente de formacións políticas como o BNG, socios de investidura de Pedro Sánchez que, en palabras da súa voceira, Ana Pontón, acusan á Xustiza de incorrer en lawfare na súa loita contra a corrupción en alusión aos casos que están afectando ao PSOE.



Neste contexto, a Presidenta do Consello Xeral do Poder Xudicial, fixo recentemente un chamamento a autoridades e particulares para recuperar o respecto que merecen os tribunais de xustiza e quen os serve, e reclamou o cesamento de calquera presión ou interferencia no labor xudicial.

Máis aló do contexto nacional xeneralizado de vergoña e despropósito, a situación está provocando unha perda de lexitimidade institucional gravísima, a degradación do marco democrático e a ruptura da confianza cidadá no Executivo e nos representantes que o sustentan, feitos que só poden superarse coa inmediata convocatoria de novas eleccións xerais.

Con todo, as recentes declaracións de Pedro Sánchez, ademais dun tufo ditatorial, ofrecen unha mensaxe desoladora: admite que non adianta as eleccións porque o pobo non está con el. Dun xeito implícito reconece que ten secuestrada a vontade cidadá co único obxectivo de impedir a alternativa de goberno. Nunca antes un presidente afirmou algo parecido, consciente de que se trata dunha actitude de extrema gravidade nun país democrático como o noso.

Esta Corporación, facéndose eco da vontade e opinión da inmensa maioría da cidadanía que representa, non pode permanecer en silencio ante esta situación o que esixe un pronunciamento firme e urxente en contra da corrupción, das acusacións e presións realizadas fronte á Xustiza e os xornalistas e en apoio da súa independencia.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1. Amosar o seu rexeitamento expreso á corrupción instalada no seno do Partido Socialista, no Goberno de España e no entorno persoal e político máis próximo ao presidente Pedro Sánchez.
2. Condenar as acusacións realizadas polos membros do Goberno de España e os seus socios atacando á Xustiza e xornalistas que están destapando as tramas de corrupción que rodean a Pedro Sánchez.



3. Esixir ao Goberno de España a inmediata depuración de responsabilidades políticas derivadas dos casos de corrupción coñecidos nas últimas datas e solicitar dos seus socios nas distintas institucións a revisión dos acordos de goberno ou apoio político.

4. Requirir ao Goberno de España que de xeito urxente, adopte as medidas necesarias para garantir a colaboración activa con todas as instancias xudiciais, parlamentarias e administrativas que investigan posibles irregularidades na súa xestión.

5. Solicitar ao presidente do Goberno de España a disolución das Cortes e a inmediata convocatoria das eleccións xerais para permitir que os españois, a través do seu voto, abran un novo tempo político.

6. Rexeitar e retirar todos os nomeamentos e recoñecementos protocolarios ou condecoracións en favor de persoas vencelladas con estas tramas de corrupción e, particularmente, a Isabel Pardo de Vera.”

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as trece horas e dezasete minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará o Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á acta da presente sesión do Pleno desta Deputación do 20 de xuño de 2025 o arquivo audiovisual resultante da gravación da sesión, co nome “Pleno extraordinario urxente 20-xuño-2025”, que se conserva nos servidores desta Corporación, garantíndose a súa autenticidade e integridade co seguinte código de integridade SHA512 -
fd1d8c60645eb96252858a1712ee0f72b6acb57de0d4a1c5cd6945d9ee22a0701b0ffbb
6003da2145d8314d9299d758ad33ead04ec9268045db73f683e17b04c
xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

No soporte audiovisual quedan recollidas as intervencións as/os señoras/es deputadas/os que participaron nas deliberacións a modo de diario da sesións. O arquivo audiovisual pode consultarse no portal web corporativo da Deputación de Pontevedra e na URL directa:



<https://depontevedra.seneca.tv:443/watch?id=NjQzMjU5MjMtN2FiNS00NzIzLTkwOGQtNjYxMGY4YmYyYzI4>

- Minutaxe -----

00:00:01 - Asistentes : Luis López Diéguez, Luis; Secretario; Interventor;
Guisasola Padín, Marcos; Tourís Romero, Javier;
Martínez Chantada, Ricardo; Álvarez Carrero, Roberto José;
Bastos Míguez, María Sandra; Vázquez Almuíña, Jesús; Cachafeiro Anta,
Belén; Castro Domínguez, María Nava; Lorenzo Alonso, Manuel Alejandro;
Ramallo Vázquez, María Pilar; Domínguez Artime, Rafael; Cubela
López, Jorge; Sánchez Méndez, Luisa María.

00:00:05 - López Diéguez, Luis

00:00:10 : 1. Pronunciamento sobre a urxencia desta convocatoria.

00:00:36 - Cubela López, Jorge

00:01:00 - López Diéguez, Luis

00:01:08 : 2. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) en defensa
do estado democrático e de dereito e en repulsa da corrupción que
afecta á contorna persoal e política de Pedro Sánchez, Presidente
do Goberno de España.

00:01:08 - López Diéguez, Luis

00:01:33 - Cubela López, Jorge

00:12:39 - López Diéguez, Luis

00:17:14 : [FIN]

-- O --

